

Un zunido inmenso nos oídos. Un zunido inmenso nos oídos e un acedume mesto galgando polo esófago. Esa é a sensación coa que din rematado o medio milloiro de páxinas de *Periferia*, a novela coa que lolandia Zúñiga –digamos da autora que naceu en Vigo, 1975 e que é autora de títulos como *Vida post-it* (relatos, 2007) e mais *Amor tamén* (poemario, 2008); a presente vén constituir, entón, a súa primeira narración longa– resultou vencedora, este pasado verán, do Premio Xerais de Novela 2010.

*Periferia* –ambientada na cidade, na megalópole, de São Paulo, Brasil– vén resultar un vórtice textual de tal magnitude que desintegra calquera xénero literario que trate de describilo. A medio camiño entre o docudrama e mais a crónica ficcionada, entre o relato xornalístico e a prosa poético-musical, as planas de *Periferia* resisténtase a tipoloxías planas e o que mellor as retrata é a

*A autora vomita todo un inferno que se lle meteu dentro*

# Armaxedón, Periferia

## Exorcismos para sobrevivir

ARMANDO REQUEIXO

súa radical e absoluta indeterminación.

Mais esa aconvencionalidade xenérica non é senón a consecuencia lóxica do continente que o contido da obra reclamaba: como transmitir literariamente a loucura mísera dos suburbios de São Paulo, as xeracións de mozos arrasadas polo crack, o espellismo adeusado do fútbol profesional, a violencia agochada tras cada re-

canto urbano, a escravitude ditada polo narcotráxico, a delincuencia como horizonte único para tantos, a desvertebración social dun mundo no que a vida humana vale menos que nada, nada vale, non vale?

lolandia Zúñiga non narra ren. lolandia Zúñiga vomita, máis ben, todo un inferno que se lle meteu dentro, cospe a visión apocalíptica que lle queimou ata o último dos alvéolos pulmonares. O seu non é un exercicio novelístico; antes ben, estamos diante do exorcismo ao que necesitou someterse para conseguir sobrevivir á contemplación do Horror.

Farán ben as lectoras e lectores acostumados aos



plá  
c e -  
b o s  
novelísti-  
cos en  
arredar de si  
este cálix litera-  
rio. E é que aconte-  
ce que *Periferia* non po-  
de lerse sen sentir cosidas  
as tripas, sen arribiar de só

pensar no planeta lama-  
cento que nos congratula-  
mos en perpetuar, nós,  
aseñoradas e aseñorados  
habitantes deste de-  
nomando "Primeiro  
Mundo" que habitamos.

Por iso, que áinda existan seres como a Lu-  
ciana/Simone coprotagonista do texto, embebi-  
dos da esperanza da loita  
por saír da condena dunha  
subvida infrahumana, non só insufla vitais án-  
imos no medio da tempe-  
tade agónica, senón que  
resulta o precioso milagre  
do rebento vexetal no me-  
dio do ermo desértico da  
mesquindade e más da  
ruindade xeral.

*Periferia*, de lolandia Zú-  
ñiga, vénse conformar, xa  
que logo, como un verda-  
deiro armagedón literario.  
Polo tanto, antes de aventu-  
rarnos na súa lectura, con-  
vén que meditemos amo-  
do: é que, de certo, non to-  
dos están preparados para  
tanto...

ZÚÑIGA, Iolanda, *Periferia*,  
Ed. Xerais, Vigo, 2010, PVP.  
22,50 €